

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FUNDACIÓN NORTEMPO POLO QUE SE CANALIZA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO, NO MARCO DO PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO, DAS ACCIÓNS DIRIXIDAS A PROMOVER O RETORNO A GALICIA DE PERSOAS GALEGAS RESIDENTES NO EXTERIOR.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Bartolomé Pidal Diéguez , Presidente da Fundación Nortempo, con CIF G70009949 e con domicilio na Rúa Bolivia, 1, 1º Esquerda, 15004 A Coruña, en nome e representación da dita entidade segundo nomeamento o 12 de decembro de 2005 e escritura pública outorgada ante o notario de A Coruña, Don Francisco Manuel Ordóñez Armán, o 16 de setembro de 2005, co número 2.891 do seu protocolo; subsanada por outra outorgada ante o mesmo notario, o 12 de decembro de 2005, co número 3.960 da súa orde de protocolo.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. O Estatuto de autonomía de Galicia, nos seus artigos 1.2 e 4.3, establece que a Comunidade Autónoma de Galicia asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e a promoción da solidariedade entre todos os integrantes do pobo galego, configurando como un principio reitor da súa política social e económica facer efectivo o dereito das persoas galegas a viviren e traballaren na súa propia terra. Así mesmo, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Segundo. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, e de acordo co establecido no artigo 48 b) e e) do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ten entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, singularmente, a coordinación da participación das entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.



De conformidade co exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional.

Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, recolle no seu capítulo V do título II a adopción de medidas de fomento do retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia, a través de diferentes programas e actuacións para acadar a súa plena integración social. Nesa liña enmárcase a Estratexia Galicia Retorna, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 15 de decembro de 2022, que inclúe diferentes medidas destinadas, por un lado, a rexuvenecer a poboación galega e contribuír a superar a crise demográfica que atravesamos a nosa comunidade, e , por outro, a facilitar o dereito das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia a regresar a Galicia. Entre esas medidas está o programa Retorna Cualifica Emprego, concretamente na área 4-Área Laboral, medida 66.

Terceiro. A Xunta de Galicia continúa apostando por dar ás persoas que tiveron que emigrar así como a súa descendencia, a oportunidade de regresar a Galicia e poder desenvolver un proxecto de vida nesta comunidade. Para iso cómpre facilitar que as persoas interesadas en retornar a Galicia dispoñan tanto de información como de formación que lles permita acadar a posibilidade de contar cunha oferta de traballo e chegar a Galicia coa garantía da súa inserción laboral.



Cuarto. Fundación Nortempo é unha institución sen ánimo de lucro que traballa cara ao desenvolvemento social, educativo e cultural de Galicia, promovendo desde a súa creación proxectos de acción dirixidos a mellorar e fortalecer o futuro da sociedade galega en xeral. Entre esas liñas de acción están as relativas aos procesos de acompañamento e integración no mercado laboral, a través da formación dirixida a persoas candidatas a postos de traballo a cal reverta nun mellor desenvolvemento das súas capacidades laborais. Neste senso, xa ten experiencia na implantación deste tipo de proxectos no exterior e ademais a Fundación Nortempo conta cun mapa de empresas colaboradoras que lle permiten ten un amplo coñecemento e tamén capacidade para levar a cabo proxectos dirixidos a persoas galegas residentes no exterior que desexen retornar a Galicia cunha garantía de inserción laboral, en base a experiencia que posúan e a formación que se lles facilite para poder desenvolver o posto de traballo.

Quinto. A actuación da Fundación Nortempo no marco do programa Retorna Cualifica Emprego constitúe unha alternativa coadxuvante da acción pública para facilitar o retorno a Galicia e a súa inserción laboral, das persoas galegas residentes no exterior ou dos seus descendentes, cunha perspectiva integral e individualizada a través dun servizo que conxugue a información, a formación e a contratación.

Sexto. Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei, a entidade Fundación Nortempo aparece expresamente reflectida na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, como beneficiaria individualizada así como obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.



En virtude do anterior, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións e compromisos polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Nortempo para a realización do Programa Retorna Cualifica Emprego dirixido promover entre a poboación galega residente no exterior e a súa descendencia, o seu traslado a Galicia. Para estes efectos, considerarase como área xeográfica prioritaria de referencia os países de Arxentina, Uruguay, Venezuela, Cuba, Brasil, Reino Unido, Francia, Alemaña e Suiza, sen prexuízo de que poida atenderse a demanda de calquera persoa que, reunindo os requisitos, poida residir noutro país.

2. Como obxectivo específico do programa no marco do presente convenio establécese que 142 persoas que contan cun plan de cualificación e empregabilidade, subscriban un contrato de traballo cunha duración mínima de 12 meses, que no caso de ser un contrato de traballo fixo-discontinuo esa duración mínima será de 15 meses, dos cales o período de actividade será como mínimo de 9 meses.

Segunda. Accións do Programa Retorna Cualifica Emprego

1. As accións que comprende o Programa Retorna Cualifica Emprego, a desenvolver por Fundación Nortempo, estrutúranse nos seguintes eixos:

Eixo Divulgación e comunicación

Eixo Formación /Cualificación

Eixo Contratación



2. Eixo Divulgación e comunicación: este eixo ten como finalidade dar a coñecer o programa e as medidas que o integran e comprende as seguintes accións:

- a) deseño, planificación e xestión de campañas de comunicación do programa tanto en Galicia como naqueles países dentro da área xeográfica de referencia indicada na cláusula primeira, previa conformidade da consellería;
- b) divulgación e difusión do programa a través de diferentes canles e soportes de comunicación para dalo a coñecer e para buscar a implicación do tecido empresarial;
- c) promover as relacións coas entidades e organismos representativos da cidadanía galega no exterior para contribuír ao coñecemento do programa entre a poboación destinataria que poida estar interesada en participar;
- d) contactar coas empresas con centros de traballo en Galicia para detectar cales son os perfís demandados para os postos de traballo que poden ofrecer ao non estar sendo cubertos pola poboación residente actualmente en Galicia e que polo tanto están en condicións de ofrecer un contrato de traballo a aquelas persoas participantes no programa que, reunindo os requisitos, están interesadas en trasladarse a Galicia para ocupar ese posto de traballo;
- e) formalización dos compromisos coas empresas interesadas de ofertas de contratos de traballo para seren cubertas polas persoas participantes no programa que reúnan os requisitos e se axusten aos perfís demandados polas empresas;



- f) preseleccionar nos seus países de orixe ás persoas interesadas en participar no programa en base aos requisitos establecidos na cláusula quinta deste convenio;
- g) informar ás persoas preseleccionadas con nacionalidade española sobre as posibilidades de que os integrantes da súa unidade familiar poidan trasladarse con esa persoa a Galicia.

3. Eixo Formación/Cualificación: este eixo ten como finalidade dotar dos recursos de formación e cualificación necesarios que poidan ser de interese para complementar a cualificación profesional que poida demandar o posto de traballo, deste xeito comprendería as seguintes accións:

a) Diagnose de empregabilidade: partindo da experiencia e formación que posúa a persoa preseleccionada, elaborárase un plan personalizado de cualificación e empregabilidade no que se recollan aquelas capacidades que poidan ser necesarias completar cara a obtención do posto de traballo, polo tanto nese plan personalizado, no que atinxe ao ámbito de formación poderá comprender diferentes tipoloxías dende formación como se detallan no seguinte apartado b)

b) Formación/Cualificación:

b.1) Formación en competencias clave nivel 2 e nivel 3: ten como obxectivo que aquelas persoas que desexen contar cunha vía para poder realizar en Galicia accións formativas conducentes a certificados de profesionalidade para así non ter que agardar a ter homologados os seus estudos, poidan realizar esta formación no seu país de orixe a través dos recursos formativos dispoñibles no campus virtual da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, coa posibilidade de realizar as probas de superación que lles permitan obter a certificación de ter superadas as competencias clave de nivel 2 ou de nivel 3.



A actuación no que atinxe a esta formación por parte de Fundación Nortempo, consistirá en difundir entre a poboación interesada a posibilidade de acceder de xeito libre e gratuíto aos contidos formativos que están dispoñibles no campus virtual da Consellería e que conta ademais cun servizo de titorización.

b.2) Accións formativas relacionadas co sector produtivo e posto de traballo ofertado pola empresa, xa que terá como obxectivo reforzar a capacitación profesional da persoa permitíndolle adquirir, actualizar, reciclar e completar o perfil de competencias profesionais axeitados a ese posto de traballo que se lle oferte.

b.3) Competencias dixitais: desenvolvemento das destrezas necesarias para empregar as TICs como ferramenta no ámbito laboral (creación de correo electrónico, uso de navegadores de internet...)

b.4) Habilidades blandas (traballo colaborativo e en equipo, comunicación, negociación, xestión do estrés, creatividade, capacidade de adaptación, flexibilidade, actitudes...)

No que atinxe a formación dos apartados b.2+b.3+b.4, o número máximo de horas impartidas dos ditos apartados por participante no poderá superar en total as 100, coa distribución desas horas entre bloques que se considere axeitada en función do perfil da persoa participante.

As accións de formación e cualificación que conteña o plan individualizado poderán ser realizadas pola persoa con carácter previo ao seu traslado a Galicia para ocupar o posto de traballo ofertado, ou unha vez estea xa incorporado ao dito posto de traballo.

4. Eixo Contratación: este eixo ten como finalidade a realización dos trámites necesarios para a formalización do contrato de traballo ofertado por unha empresa das que teñan subscrito con Fundación Nortempo un compromiso de contratación das persoas participantes no programa Retorna Cualifi-



ca Empleo; en todo caso as ofertas de emprego deberán ter sido previamente obxecto de difusión a través do Servizo Público de Empleo de Galicia. Este eixo comprenderá as seguintes actuacións:

a) Fundación Nortempo deberá contar co compromiso de contratación por parte de empresas que dispoñan de ofertas de emprego en Galicia susceptibles de ser ocupados por persoas participantes no programa Retorna Cualifica Empleo. No documento que formalice o compromiso deberá reflectirse información sobre: perfís das persoas a contratar, número de persoas a contratar, modalidade do contrato, duración e xornada e identificación/localización do centro de traballo. A duración do contrato en todo caso será como mínimo de 12 meses, agás na modalidade fixo-discontinuo que deberá ser como mínimo de 15 meses e dos cales, como mínimo, 9 meses serán de actividade. No caso de producirse a extinción anticipada do contrato de traballo formalizado, a empresa poderá volver a instar a cobertura da vacante producida por unha vez máis, neste caso os períodos de contratación de ambas persoas computaranse agregadamente como un único destinatario final ós efectos do computo de contratación referidos no apartado 2 da cláusula primeira. Con carácter previo a sinatura do presente convenio, Fundación Nortempo deberá facilitar información a consellería sobre os compromisos que xa ten asinados, sen prexuízo de que se poidan ir adquirindo, durante a vixencia do convenio, novas adhesións.

b) Realización e/ou acompañamento, se é o caso, ás persoas seleccionadas para formalizar o contrato de traballo para tramitar todas as xestións necesarias para trasladarse a Galicia (expedición de documentos de viaxe necesarios incluídos os billetes de traslado).

c) Coordinación e seguimento coa empresa que oferta o posto de traballo ao respecto dos trámites que esta debe realizar para levar a cabo a contratación e que pode implicar que a empresa teña que solicitar directamente na Área



funcional de traballo e inmigración (Oficinas de estranxeiría), as correspondentes autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada, cando sexa o caso.

d) Comprobación final previa ao traslado da persoa de que dispón de toda a documentación e permisos necesarios e en regra para poder trasladarse a Galicia e desenvolver o posto de traballo conforme a normativa vixente que sexa de aplicación.

e) Aboamento ás persoas que formalicen un contrato de traballo dunha axuda económica de 1.300 euros para cubrir os primeiros gastos de instalación en Galicia.

f) Seguimento e acompañamento das persoas contratadas durante un período de tres meses dende o inicio da súa relación laboral e que poderá realizarse por distintos medios (teléfono, correo electrónico, videoconferencia, etc...) pero da que deberá quedar constancia mediante documentación acreditativa que permita comprobar que se realizou ese seguimento e acompañamento.

5. A participación nas accións do programa Retorna Cualifica Emprego será totalmente gratuíta para as persoas participantes, sen prexuízo de que a Fundación Nortempo poida esixirlles a devolución daqueles importes que tivesen percibido as persoas por incumprimento dos compromisos adquiridos tal e como se indica no punto 7 da presente cláusula.

6. Considerarase persoa contratada para os efectos deste programa a persoa participante que formalice un contrato de traballo por conta allea cotizando no correspondente réxime de Seguridade Social, a partir da data na que dispoña da súa diagnose e do seu plan individualizado de cualificación e empregabilidade e que acredite a cotización no correspondente réxime de Seguridade Social polo menos 12 meses, non necesariamente continuados.



7. Fundación Nortempo deberá informar as persoas participantes que acepten formalizar un contrato de traballo e trasladarse a Galicia dos compromisos que adquire no marco do programa Retorna Cualifica Emprego, en base aos obxectivos que ten este programa, de xeito que a aceptación do posto de traballo implica unha permanencia mínima en Galicia de 12 meses; este compromiso deberá constar por escrito e recoller que, no caso de que a persoa finalice a súa relación laboral por cese voluntario ou despido procedente disciplinario, Fundación Nortempo poderá solicitar o reintegro da axuda económica de 1.300€ prevista no apartado 3.4.e) da presente cláusula.

Terceira. Persoas destinatarias finais

1. As persoas destinatarias finais do Programa Retorna Cualifica Emprego serán persoas emigrantes de nacionalidade española e orixe galega residentes no exterior, que estean interesadas en integrarse laboralmente en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española.
- b) Ser menor de 50 anos.
- c) Residir fóra de España
- d) Acreditar un mínimo de dous anos de residencia fóra de España inmediatamente anteriores á data de inicio de participación no Programa Retorna Cualifica Emprego.
- e) Estar vinculado a Galicia por algún destes xeitos:
 - e.1. Ser emigrante nacido en Galicia
 - e.2. Ser emigrante non nacido en Galicia, pero ter residido en Galicia de forma continuada durante dez (10) anos con nacionalidade española antes de emigrar.



e.3. Ser descendente por consanguinidade de emigrante nacido/a en Galicia, sempre que a persoa solicitante nacesse no estranxeiro.

f) No caso das persoas nadas no estranxeiro, estaren vinculadas a un concello galego. Este requisito poderá acreditarse con posterioridade, pero sempre antes de que a persoa formalice o contrato de traballo.

2. Fundación Nortempo efectuará a preselección das posibles persoas participantes no programa de acordo cos requisitos establecidos no punto anterior e que ademais manifesten a súa dispoñibilidade e conformidade para trasladarse a Galicia para incorporarse ao posto de traballo ofertado.

O cumprimento dos requisitos acreditarase do seguinte xeito:

a) Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade española para as persoas participantes que non teñan DNI (documento de nacional de identidade español).

b) Documentación acreditativa da residencia actual fóra de España.

c) Documentación xustificativa de ter residido fóra de España durante un mínimo de dous anos inmediatamente anteriores á data de inicio de participación no Programa Retorna Cualifica Emprego.

d) Documentación acreditativa da súa vinculación con Galicia segundo o caso:

d.1. Persoas nadas en Galicia: pasaporte ou certificado de nacemento en Galicia.

d.2. Persoas non nadas en Galicia, pero que residiron en Galicia de forma continuada durante dez (10) anos con nacionalidade española antes de emigrar: histórico do padrón municipal do/dos concello/os galego/s onde residiron.

d.3. Descendentes por consanguinidade de emigrante nacido/a en Galicia: certificados: certificados de nacemento ou libros de familia que acrediten toda a liña de parentesco por consanguinidade, desde a



persoa emigrante nacida en Galicia ata ao nacemento da persoa solicitante.

e) Para persoas solicitantes nadas no estranxeiro: certificado de inscrición no Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE), ou na súa falta, calquera outra documentación acreditativa da súa vinculación cun concello galego.

3. Poderán tamén participar nas accións do Programa Retorna Cualifica Emprego o resto das persoas integrantes da unidade familiar que, sen reunir os requisitos establecidos no apartado 1 desta cláusula, estean tamén en disposición de aceptar un contrato de traballo en Galicia e consonte aos requisitos que a normativa que sexa de aplicación esixa (permisos temporais de residencia, de traballo, e calquera outro que sexa necesario). Para os efectos de participar neste programa, considéranse integrantes da unidade familiar do participante que posúa a nacionalidade española, os seguintes:

a) o/a cónxuxe, sempre que non recaera acordo ou declaración da nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal;

b) a parella coa que se manteña unha relación análoga á conxugal inscrita nun rexistro público establecido a estes efectos nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte no Espazo Económico Europeo, que impida a posibilidade de dous rexistros simultáneos en dito Estado, e sempre que non se tivera cancelado dita inscrición, o que deberá ser suficientemente acreditado. As situacións de matrimonio e inscrición como parella rexistrada consideraranse, en todo caso, incompatibles entre sí.

Cuarta.- Financiamento e contía da subvención

1. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de novecentos mil euros (900.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.50.323A.481.3 (código de proxecto 2023 00123-modalidade



financiamento 1010 fondos propios) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o financiamento das accións descritas no presente convenio.

2. Do orzamento global establecido no apartado 1 da presente cláusula, aboarse á entidade unha cantidade de 6.300 euros por persoa participante no programa finalmente contratada.

3. Con cargo ao orzamento deste convenio, e dentro das contías establecidas no apartado anterior, está a axuda que Fundación Nortempo terá que aboar ás persoas participantes por importe de 1.300 euros destinada a atender as primeiras necesidades da persoa que se traslade a Galicia para ocupar un posto de traballo.

4. A efectos de liquidación e pago, o importe a aboar será o resultante de aplicar o módulo de 6.300 euros polo número de persoas que formalicen un contrato de traballo, non producindo liquidación de importes a cobrar o número de persoas que puideran ser contratadas por riba do número establecido como fito a acadar establecido no apartado 2 da cláusula primeira deste convenio.

Quinta. Compromisos das partes

Fundación Nortempo comprométese a:

- a) Desenvolver as accións e funcións previstas no presente convenio e a poñer a disposición deste os recursos humanos e materiais precisos para a execución destas.
- b) Impulsar as relacións e alianzas que aporten valor engadido ao obxecto do presente convenio.



Pola súa parte, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, comprométese a:

- a) Colaborar no financiamento dos gastos derivados das accións do Programa Retorna Emprego de conformidade co establecido na cláusula cuarta.
- b) Facilitar os recursos e contidos formativos do Campus Virtual, nomeadamente os contidos de competencias clave de nivel 2 e 3 así como outros contidos formativos que dentro dese Campus Virtual puidesen resultar de interese para os obxectivos do programa Retorna Emprego.

Sexta. Gastos subvencionables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos aos seguintes conceptos subvencionables ao abeiro deste convenio, conforme aos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada. En particular, comprenden os seguintes:

- a) Recursos humanos: gastos de persoal, integrando os custes salariais e de seguridade social do persoal habitual ou contratado especificamente para este convenio, especificando a porcentaxe de dedicación. Inclúese os gastos que se orixinen por indemnización por fin de contrato que sexa necesario aboar á persoa traballadora contratada.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputado ao convenio, necesarios para o desenvolvemento das accións. Estes gastos deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia ás establecidas para a administración pública no Decreto 144/2001, do 7 de



xuño, sobre indemnización por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

c) Material funxible: adquisición de materiais funxibles, compoñentes precisos, subministracións e produtos similares, sempre que estean relacionados e sexan precisos para a realización das actividades obxecto do presente convenio.

d) Servizos externos: contratacións con entidades externas en materia necesarias para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro deste convenio.

e) Gastos de traslado a Galicia así como axuda para satisfacer as primeiras necesidades ao chegar das persoas que se van incorporar ao posto de traballo ofertado e gastos do importe da axuda por asistencia a accións do eixo formación, previstos na cláusula cuarta deste convenio.

f) Outros gastos relacionados co servizo como os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica, os gastos de asesoría financeira, os gastos notariais e rexistrados especialmente derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de conformidade cos termos e dentro dos límites previstos no artigo 29, apartado 7 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Tamén os gastos de enerxía eléctrica, auga, combustible, comunicacións, limpeza, seguridade, seguros, etc.

g) Custos indirectos, considerados como tales aqueles segundo o establecido polo artigo 29, apdo. 9 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e o artigo 42.6 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. Entre estes atopárase o aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade.

En todos os custos indirectos establecerase e xustificárase a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a



aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente á realización dos gastos.

Os tributos serán considerados gastos subvencionables cando o beneficiario os aboa efectivamente consonte ao establecido no artigo 29, apartado 8 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. En ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

h) Gastos por coordinación e xestión do programa.

Sétima. Xustificación e pagamento

1. A xustificación da subvención realízase a través do réxime de módulos, de acordo co establecido nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e os artigos 76 a 79 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Para implementar o dito réxime de módulos, nesta convenio tivéronse en conta como referencia os módulos empregados pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade para actuacións similares financiadas nese caso con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

2. A xustificación comprenderá as actuacións realizadas ata o 30 de novembro de 2023 e Fundación Nortempo presentará, como data límite, o 12 de decembro de 2023, ante a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados, mediante o réxime de módulos. Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da entidade Fundación Nortempo.



3. A xustificación presentárase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e incluírá a seguinte documentación que deberá presentar a entidade beneficiaria para xustificar os obxectivos e fitos aos que se da cumprimento coa axuda concedida, achegando a seguinte documentación :

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa destes, nº de persoas participantes por cada eixo, e outros aspectos que se consideren relevantes. Achégárase ademais unha certificación acreditativa dos contratos formalizados polas persoas participantes.

b) Unha memoria económica xustificativa, que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

1.º Acreditación ou declaración polo beneficiario do número de unidades físicas consideradas como módulos, é dicir, o número de participantes que formalizaron un contrato de traballo.

2.º Contía global da subvención xustificada, calculada conforme aos módulos contemplados na cláusula cuarta, segundo o sistema de cálculo e cuantificación mediante módulos establecido no Convenio. A liquidación da subvención realizarase en función das persoas participantes que acepten unha oferta de traballo e formalicen un contrato de traballo en Galicia. A liquidación non poderá superar a contía global da subvención concedida prevista no apartado primeiro da cláusula cuarta do convenio. O cálculo realizarase considerando o número de participantes que aceptaron unha oferta laboral e formalizaron un contrato de traballo en Galicia.



- c) Memoria relativa ás persoas participantes no programa e que conterá un certificado da entidade beneficiaria que inclúa a relación de persoas participantes no programa, indicando para cada unha delas, o período de permanencia no programa.
- d) Certificación, en base ao establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de que o importe da subvención non supera o custo das actividades realizadas ao abeiro do presente convenio.
- e) Para o suposto de que o importe do gasto subcontratado supere as contías dos contratos menores establecidas no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, memoria xustificativa da elección entre as tres ofertas presentadas cando a elección non recaía na proposición económica máis vantaxosa.
- f) Memoria relativa ao persoal do programa, que conterá información sobre os contratos do personal adscrito ao programa, así como os seus perfís profesionais.
- g) Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- h) Se é o caso, achegará tamén documento acreditativo do reintegro efectuado dos fondos subvencionados non xustificados.

4. Ao abeiro do disposto no artigo 55 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e no artigo 79 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, Fundación Nortempo estará dispensada da obrigaón de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obrigaón do beneficiario de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1. g) da



Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de calquera outra obrigación derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o esixa.

5. A Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación realizará a correspondente comprobación técnico-económica.

No suposto de que a documentación presentada non cumpla cos requisitos sinalados neste convenio, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á entidade beneficiaria a súa subsanación.

Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, os fins para os que fue concedida a subvención, as obrigas previstas no convenio ou os requisitos establecidos para a xustificación, comunicarase tal circunstancia á entidade beneficiaria xunto aos resultados da comprobación técnico-económica e iniciarase, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

6. No prazo de 6 meses desde a presentación da documentación xustificativa, Fundación remitirá a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, informe relativo á situación laboral das persoas participantes que formalizaron contrato de traballo en Galicia, a fin de efectuar o seguimento das contratacións realizadas. No caso de que se observen discrepancias substanciais cos datos incluídos na xustificación, iniciarase o correspondente procedemento para determinar a existencia de incumprimento previsto na cláusula novena do presente convenio.

Oitava. Pagamentos anticipados e liquidación

1. Logo da sinatura do convenio, realizarse un pago anticipado polo importe do 80% da subvención concedida, segundo o disposto no artigo 63 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .

O anticipo deberá ser solicitado pola entidade beneficiaria xunto coa seguinte documentación:

-Solicitud de pagamento anticipado.

-Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, Fundación Nortempo queda exonerada da constitución de garantías.

3. Respecto da liquidación, con data límite do 12 de decembro de 2023, a entidade beneficiaria presentará a xustificación das accións realizadas ao abeiro do convenio, mediante a documentación e cos requisitos recollidos na cláusula sétima e, unha vez comprobada, aboaráselle a liquidación que proceda.

Novena. Incumprimentos e reintegros

1. O incumprimento das obrigas establecidas no presente convenio e demais normas aplicables, poderá dar lugar a perda total ou parcial do dereito de cobro da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.



2. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificala dará lugar ao reintegro do 100% da subvención concedida. Igualmente, considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non acada o 25% dos seus obxectivos, medido co indicador do número de contratos formalizados, establecido en 142 segundo a cláusula primeira apartado 2 deste convenio.

3. O incumprimento parcial dos fins para os que se establece a subvención prevista neste convenio ou da obriga de xustificala, dará dereito ao reintegro parcial da subvención concedida.

Cando o grado de execución do indicador citado no punto anterior estea comprendido entre o 25% e o 100% de cumprimento, a subvención concedida minorase nunha porcentaxe fixa sobre o total da subvención concedida segundo a porcentaxe de cumprimento se atope dentro do tramo definido na táboa seguinte:

| Porcentaxe de cumprimento | | Porcentaxe redución sobre a subvención concedida: |
|---------------------------|------|---|
| 25% | 35% | 60% |
| >35% | 45% | 45% |
| >45% | 55% | 30% |
| >55% | 65% | 20% |
| >65% | 75% | 15% |
| >75% | 85% | 10% |
| >85% | 100% | 0% |

4. No que atinxe aos criterios de gradación de incumprimentos, e tendo en conta o disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións



de Galicia, polo que ditos criterios deben responder ao principio de proporcionalidade, establécese neste convenio que cando a porcentaxe de cumprimento sexa superior ao 85% pero non acade o 100%, admítese esa desviación máxima do 15% e que non implicará minoración na subvención en tanto que non altera o número de contratacións realizadas que en todo caso deberá de ser de 142, e dita desviación só viría causada por aquelas contratacións que foron realizadas pero que a persoa contratada rescinde voluntariamente o seu contrato de traballo e non cumpre co compromiso de permanencia de 12 meses establecido na cláusula segunda, apartado 7, o que daría lugar a que tivese que devolverlle a entidade conveniada o importe da axuda abonada.

Décima. Obrigas

De acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no , así mesmo a cumprir as obrigas sinaladas no artigo 11 da dita lei e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Desenvolver todas as actuacións recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta.
- c) Xustificar a realización das accións recollidas na cláusula segunda deste convenio e xustificar o cumprimento da finalidade que determinou a



concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas participantes no programa Retorna Emprego.

d) Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento en todas as accións que se deriven da execución do programa, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así, en todo tipo de publicidade e información relativos ás actuacións subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Xunta de Galicia-Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

e) Someterse ás actuacións de seguimento que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Presentar, antes da sinatura do presente convenio así como tamén coa xustificación da realización das actividades obxecto do mesmo, declaración responsable ou certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade coa disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) Comunicar á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e deberes asumidos. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.



h) Subministrar á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, dos deberes previstos no Título I da dita lei. O incumprimento deste deber determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

i) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e non utilizar ningún dato desa información distinto ao obxecto do presente convenio. Así mesmo, queda obrigada a manter de xeito confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e cumprir coas obrigas sinaladas no artigo 28 do Regulamento (EU) 2016/679.

j) Asumir a responsabilidade civil derivada da atención ás persoas destinatarias participantes das accións do Programa Retorna Emprego, a través da subscripción dun seguro de responsabilidade civil que cubra calquera eventualidade que poida producirse contra as persoas e bens, como consecuencia do desenvolvemento do programa Retorna Emprego.

k) Contratar un seguro de cobertura de accidentes para as persoas participantes nas actuacións que cubra tanto os riscos que poidan ter as persoas participantes durante o desenvolvemento das accións como nos dos desprazamentos.

l) Remitir á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, no prazo de 6 meses desde a presentación da documentación xustificativa da subvención, informe relativo á situación laboral das persoas participantes que formalizaron contrato de traballo en Galicia, a fin de efectuar o seguimento das contratacións realizadas. No caso de que se observen discrepancias substanciais cos datos incluídos na xustificación, iniciárase o correspondente procedemento para determinar a existencia de incumprimento previsto na



cláusula novena do presente convenio. No caso de que Fundación Nortempo non teña a posibilidade de acceder a dita documentación (vida laboral), a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade actuará de oficio consultando directamente na Seguridade Social a vida laboral das persoas beneficiarios na súa condición de Administración Pública.

m) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

n) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

ñ) Aplicar medidas para evitar o fraude, a corrupción e o conflito de interese á hora e aplicar a subvención recibida.

o) Cumprir as demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira. Subcontratación

1. Fundación Nortempo poderá contratar ata un porcentaxe do 50% do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigas establecidas no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. Non se considerará como gastos subcontratados aqueles nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de persoal técnico ou docente para a impartición das actuacións subvencionadas, o alugamento de instalacións para a realización das accións e/ou os gastos de subministracións relacionados con elas, sempre que non sexan provistos pola mesma persoa física ou xurídica.



Cando de acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe de cada un dos gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo a contratación do compromiso da obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do presente convenio. A elección entre as ofertas presentadas deberá estar xustificada debidamente no expediente administrativo deste convenio e a así mesmo debera xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na oferta máis vantaxosa.

Décimo segunda. Compatibilidade con outras axudas

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entres públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, a axuda económica de 1.300 euros para cubrir os gastos de primeira instalación en Galicia que perciban as persoas que formalicen un contrato de traballo e se trasladen a Galicia, prevista na cláusula segunda, apartado 4.e) do presente convenio, é compatible coa obtención doutras axudas que teñan a mesma finalidade.

Décimo terceira. Recursos humanos. Inexistencia de relación laboral

1. Fundación Nortempo aportará ao programa, ademais dos medios técnicos, os medios humanos necesarios para o desenvolvemento das accións que



contempla e supón a xestión do programa Retorna Emprego e para atender as obrigas derivadas do mesmo.

2. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo cuarta. Protección de datos persoais

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo quinta. Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo sexta. Vixencia e extinción

1. O convenio terá efectos desde a súa sinatura ata 12 de xuño de 2024, data na que Fundación Nortempo debe remitir a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, o informe de seguimento relativo á situación laboral das persoas participantes que formalizaron contrato de traballo en Galicia, previsto na cláusula sétima, apartado 6, do presente.

Porén, serán imputables ao presente convenio os gastos que respondan de xeito indubidable á realización das accións obxecto do convenio, realizados con anterioridade á sinatura do mesmo e sempre que estean debidamente xustificadas e se realizaran desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 30 de novembro de 2023.

2. O presente convenio en canto a súa extinción axustarase ás causas de resolución recollidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Serán causas de resolución as seguintes:

- o transcurso do prazo de vixencia do convenio
- o acordo unánime das partes asinantes
- o incumprimento das obrigas ou compromisos asumidos
- por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio



- por calquera outra causa distinta as anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

3. No caso de que por causas sobrevidas que impidisen ou dificultasen en gran maneira o cumprimento do convenio, as partes poden acordar a extinción anticipada do convenio, neste caso a parte afectada comunicarllo a outra parte cun mes de antelación como mínimo e en todo caso será requisito previo a esa extinción a conclusión das actividades que se atopen en curso.

4. No caso de resolución do convenio, as partes establecerán os mecanismos que permitan o seguimento das actividades iniciadas, ou a súa finalización ordenada e axeitada, preservando os dereitos das persoas que puideran resultar afectadas. De acordo co artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo máximo improrrogable para a finalización das actividades que estiveran en curso será de un mes.

5. No caso de extinción anticipada, Fundación Nortempo deberá presentar a xustificación dos gastos realizados con cargo a subvención do presente convenio, no prazo de dous meses contados desde a súa extinción, procedéndose no seu caso a iniciar o correspondente expediente de reintegro da cantidade que no teña sido executada, de acordo co establecido na cláusula novena.

6. Así mesmo, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.



Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscripción do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

Décimo sétima. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación e dúas persoas por parte de Fundación Nortempo.

A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Décimo oitava. Seguimento, informes e memorias

Fundación Nortempo proporcionará en todo momento a información que lle sexa solicitada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e deberá enviar a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación os informes de seguimento das actuacións que de seguido se indican:

- a) con periodicidade mensual, ficheiro electrónico que permita á dirección xeral realizar as explotacións necesarias para o seguimento das accións; deberá conter datos de atención e de accións realizadas, número de persoas contactadas (indicando datos de sexo, idade, perfil profesional, titulación académica) número de empresas adheridas (indicando sector produtivo, tamaño da empresa, localización do centro de traballo no que ofertan os postos, perfil dos postos ofertados)
- b) unha memoria semestral e unha memoria anual das actividades realizadas.

Décimo novena. Autorización, publicidade e rexistro do convenio

1. Fundación Nortempo autoriza á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

2. As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto



126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Vixésima. Tramitación na sede electrónica

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e crave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



En caso de que achegue a documentación de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma prevista no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Vixésimo primeira. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.



As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade O presidente da Fundación Nortempo

M^a Jesús Lorenzana Somoza

Bartolomé Pidal Diéguez

